



lifefluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBERICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC Río Eo - ZEPA Ribadeo

ES1120002 - ES0000085

LIFE Fluvial

Os corredores fluviais presentan importantes valores naturais, culturais e económicos. O obxectivo do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do seu estado de conservación en 9 espazos da Rede Natura 2000. Desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en 5 concas fluviais do Noroeste ibérico, onde especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios poden causar deterioración e fragmentación de hábitats. Na conca do río Eo, actúa nos municipios galegos de Ribeira de Piquín, Meira, A Pontenova, Trabada e Ribadeo e nos asturianos de San Tirso de Abres, Vegadeo e Castropol




A Ría de Ribadeo: ensenada de Vilavella

Os ameneirais atlánticos e as carballeiras galaico-portuguesas, ambos hábitats de interese comunitario, configuran a paisaxe forestal natural das ribeiras da Ría de Ribadeo. A mellora do seu estado de conservación e o incremento da súa superficie constitúen os principais obxectivos do LIFE Fluvial.

Na enseada de Vilavella talouse a eucalipteira de *Eucalyptus globulus* existente por baixo da senda peonil que discorre pola marxe dereita e elimináronse outras especies exóticas e invasoras, como acacia negra (*Acacia melanoxylon*), trebo acedo (*Oxalis pes-caprae*), rosas cultivadas y, sobre todo, el hedra do cabo (*Delairea odorata*), que colonizaba intensamente os silveirais da marxe esquerda da enseada.

A partir de aquí, recuperouse unha faixa de ameneiral (hábitat prioritario 91E0*) na enseada de Vilavella, mediante a plantación de especies propias do bosque de ribeira, como freixos (*Fraxinus excelsior*), pradairos (*Acer pseudoplatanus*), salgueiros (*Salix atrocinerea*) e loureiros (*Laurus nobilis*)



Plantación de especies autóctonas



O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias concas fluviais atlánticas da Península Ibérica
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021



www.lifefluvial.eu
info@lifefluvial.eu



RESERVA DE BIOSFERA RÍO EO, OSCOS E TERRAS DE BURÓN

